

A 7ª Subida Cicloturista A Groba abre inscricións

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 08 Xullo 2015 18:58



A Concellaría de Deportes de Baiona abre inscricións para participar na "7ª Subida Cicloturista A Groba". A competencia terá lugar o sábado 22 de agosto con saída no pavillón municipal de Baiona e meta no Alto da Groba. Os interesados en participar poden [descargar o regulamento da carreira](#) e encher [a ficha de inscrición](#) que logo deben presentar no pavillón municipal. Máis información no teléfono 986 356 588, no enderezo deportes@baiona.org.